

Seguimento da actividade do alumnado

Moodle proporciona ao profesor a posibilidade de levar un seguimento completo da actividade das persoas participantes no seu curso. Podemos acceder a esta información dende os seguintes menús:

- Lista de participantes (**bloque Navegación**)
- Informes da actividade dun determinado usuario (**bloque Administración**)
- Informes do curso (**bloque Administración**)
-

Lista de participantes

Accedemos a través do bloque de **navegación**

Mostra a lista das persoas participantes no curso sobre o que estamos traballando (neste caso só o usuario *Cafi Platega*). De cada unha das persoas participantes, o/a docente pode atopar información detallada sobre a súa actividade.

Cando seleccionamos *Lista de participantes*, na parte central da pantalla aparece a listaxe completa dos/as participantes debaixo dun abecedario que nos serve para filtrar os/as participantes que estamos vendo pola primeira letra do seu nome ou pola primeira letra do seu apelido. Ademais tamén aparecen na parte superior os seguintes despregables que podemos usar para filtrar a listaxe que estamos vendo:

- **Os meus cursos**
Permite seleccionar o curso do que queremos ver os seus/as súas participantes.
- **Inactivo durante máis de**
Permite mostrar as persoas que levan tempo sen conectarse (seleccionando o tempo no despregable).
- **Lista do usuario**
Podemos seleccionar Resumo ou Detalles do usuario. Esta segunda opción mostra a listaxe con moitos máis datos de cada usuario.
- **Rol actual**
Filtra os usuarios mostrados na listaxe en función do rol seleccionado.

Participantes

Os meus cursos Inactivo durante máis de Lista do usuario

Rol actual

Todos os participantes:1

Nome A B C D E F G H I L M N Ñ O P Q R S T U V X Z

Apellido A B C D E F G H I L M N Ñ O P Q R S T U V X Z

Seleccionar	Imaxe do usuario	Nome / Apellido	Enderezo de correo	Departamento	Cidade/Vila	País	Último acceso ao curso
☐		Cafi Platega	usuario.platega@edu.xunta.es		O mundo	España	3 segs.

Cos usuarios seleccionados...

Se prememos sobre un/unha participante concreto desta listaxe, aparecerá no bloque Administración a ligazón para acceder aos informes completos da actividade deste alumno.

Informes da actividade dun alumno/a

Despois de premer sobre un/unha participante concreto na Lista de participantes, no apartado Informes aparecen ligazóns que nos permiten acceder aos informes completos da súa actividade. Entre elas temos:

•Rexistros de hoxe

Mostra información relativa á actividade que realizou o/a participante no día de hoxe (o día no que estamos vendo esa información), no curso que temos seleccionado, incluíndo un gráfico distribuído por horas.

•Todos os rexistros

Mostra información relativa ao/á participante en concreto dende a data de inicio do curso ata o día de hoxe (o día no que estamos vendo esa información), incluíndo un gráfico distribuído por días.

•Esquema de informe


Mostra, por temas, as cualificacións que obtivo o/a participante nas distintas **actividades** incluídas en cada tema, o número de visitas que realizou a cada un dos **recursos** de cada tema e o número de intervencións (mensaxes) do alumno nos foros, indicando tamén a data de cualificación e cando foi a súa última visita ou aportación.

•Informe completo

Mostra unha páxina que recolle toda a actividade do/a participante agrupada segundo os temas nos que está dividido o curso, en forma de fichas individuais para cada un dos temas. Os distintos **recursos** e **actividades** aparecen listados como ligazóns que permiten acceder directamente a cada un deles indicando, igual que no apartado anterior, o número de visitas (visualizacións), a cualificación obtida, e a data e hora da última visita (visualización).

•Vista xeral das cualificacións

Mostra un despregable onde podemos seleccionar diferentes informes dos/as participantes. Tamén mostra unha lista de todos os cursos onde o/a participante está matriculado/a.



Alumno3_moodle moodle

Mensaxe Engadir aos seus contactos

Detalles do usuario

Enderezo de correo
nonresponder@edu.xunta.gal

País
España

Cidade/Vila
Non consta

Departamento
moodle

Detalles do curso

Perfiles do curso
usuario.platega

Roles
Alumnos

Grupo
Grupo A

Miscelánea

Perfil completo
Ver todos os artigos do blog
Notas
My certificates
Comentarios do foro
Discusións do foro

Informes

Rexistros de hoxe
Todos os rexistros
Esquema de informe
Informe completo
Vista xeral das cualificacións

Actividade de acceso

Último acceso ao curso
Nunca

Administración -> administración do curso -> Informes

Do mesmo xeito, no bloque Administración aparecen as ligazóns que a continuación se detallan. Ditas ligazóns ofrecen ao/á profesor/a a posibilidade de observar a actividade dos alumnos ao longo de todo o curso.

•Distribución de competencia

Este informe obteríase en caso de traballar coas das [estruturas de competencia](#) na plataforma.

•Rexistros

O/A profesor/a poderá seleccionar os rexistros que quere ver, utilizando calquera combinación de selección das entradas que se nos ofrecen nos despregables da parte superior. Por exemplo, pódese realizar un seguimento individualizado do percorrido de calquera participante polas diferentes actividades do curso, incluíndo datos como o enderezo IP dende o que se conecta ese usuario.

•Rexistros activos

Mostra a información referida á última hora.

•Informe de actividade

Mostra a cantidade de visitas (visualizacións) que recibiu cada un dos elementos do curso por temas, indicando tamén cando se produciu a última visita (visualización). Este informe resulta especialmente útil para poder avaliar cal dos recursos ten un maior número de visitas por parte dos alumnos.

•Participación do curso

Mostra a cantidade de visitas que recibiron as **actividades** propostas no curso (non os **recursos**) podendo elixir unha actividade en concreto, un período de tempo determinado, o rol que queremos ver (alumno/a, profesor/a...) e as visitas que simplemente se fixeron para ver pero non para participar.

